

PREGUNTA DE AER SOBRE USO DOS PAVILLONS MUNICIPAIS PARA ACTOS ORGANIZADOS POLO CONCELLO EN SITUACIÓN DE MALAS CONDICIÓN METEREOLÓXICAS.

PLENO 24 FEBREIRO 2016. ACTA 0003/2016

“O Concello de Redondela organiza e programa ao longo do ano diversas actividades socioculturais, tanto a cuberto como ao aire libre.

No caso das actividades ao aire libre, vense observando que no caso de inclemencias meteorolóxicas (choiva principalmente) decídese cancelar a actividade sen, na maioría dos casos, dar unha opción a cuberto. Non tódalas actividades se poden facer a cuberto, pero en diversas festas ou eventos a programación dun mínimo de actividades a cuberto ou establecendo unha alternativa a cuberto, podería evitar a cancelación da totalidade do evento e, cando menos, ofrecer un mínimo de programación nesa data, sobre todo de cara aos/ás máis cativas e cativos.

Recentemente houbo os casos da cancelación dos Ranchos de Reis no Nadal e máis de diversas actividades do Entroido. Neste último caso, no martes de Entroido constatouse que grazas a diversas iniciativas privadas que organizaban actividades a cuberto, parte dos veciños animáronse a saír á rúa a celebrar esta festa, en moitos casos familias con cativos e cativas.

Isto leva a pensar que tal vez os Ranchos de Reis ou mesmo actividades de Entroido de cara aos máis cativos, puidéronse ter realizado a cuberto nos pavillóns municipais.

Así, tendo en conta que en Redondela e Chapela o Concello dispón de diversos pavillóns municipais, asumindo as obvias e oportunas medidas para conservar o pavimento e as instalacións (colocación de moquetas reutilizables, por exemplo), do mesmo xeito que se actúa noutros Concellos próximos (Soutomaior, O Porriño, Mos,...); en virtude do anteriormente exposto preguntamos:

Poderíase planificar, principalmente de cara aos eventos organizados ao exterior polo Concello de Redondela, unha alternativa a cuberto facendo uso dos pavillóns municipais para evitar a cancelación total por motivos climatolóxicos?”

<p>O concelleiro ALONSO GONZÁLEZ di que se prantexan cómo resolver ese problema en cada caso. Dí que nalgúns casos non é posible levar cousas a un pavillón e os condicionamentos técnicos poden ser diferentes.</p>
--